



RECOMENDACIÓNS PREVENTIVAS ANTE O CORONAVIRUS NAS XUNTAS DAS COMUNIDADES DE PROPIETARIOS

ANTES DA XUNTA



XUNTAS

Reducir ao mínimo as convocatorias. Reducir a duración da xunta e promover a mínima asistencia por propiedade. Fomentar a realización online.



FEBRE

Non acudir á reunión con febre (>37°) ou síntomas da COVID-19 ou se houbo contacto próximo cunha persoa infectada.



INFORMACIÓN

Poñer en coñecemento dos asistentes as recomendacións das autoridades ante o coronavirus. Ter en conta ás persoas especialmente sensibles (grupos vulnerables á infección).



LOCAL

Elixir un lugar adecuado para a reunión tendo en conta a capacidade máxima permitida e a distancia de seguridade interpersoal. Evitar as xuntas nos portais, garaxes ou zonas comúns de paso.

DISTANCIA DE SEGURIDADE



DISTANCIA INTERPERSOAL

Manter sempre a distancia de seguridade de 1,5 metros, tanto entre o persoal traballador da administración da finca como dos asistentes á xunta.



EVITAR CONTACTO FÍSICO

Evitar ou limitar as actividades que impliquen contacto físico: zonas de espera, saúdo, etc.



ACCESO

Evitar que se produzan aglomeracións, tanto fora como dentro do lugar da reunión, mediante un sistema adecuado de control de acceso ordenado.



DISTRIBUCIÓN DE ESPAZOS

Distribuír o lugar da reunión para que todos os asistentes poidan estar sentados durante o tempo que dure a xunta. Sinalización vertical ou horizontal do chan co uso de adhesivos.

HIXIENE E LIMPEZA




HIXIENE DE MANS

Facilitar aos asistentes na entrada e saída as solucións hidroalcohólicas para a hixienización das mans.



MATERIAL DE LIMPEZA E DESINFECCIÓN

Dispoñer de produtos para a hixiene das mans (xabón, solucións hidroalcohólicas ou desinfectantes e panos desbotables) e para a limpeza e desinfección.



VENTILACIÓN

Ventilar os locais das reunións antes e despois, durante o tempo necesario para permitir a renovación do aire e aínda que se dispoña de ventilación mecánica.



OLLOS, NARIZ E BOCA

Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca, xa que as mans facilitan a transmisión, tamén cando se usen luvas e máscara.



LIMPEZA E DESINFECCIÓN

Reforzar as tarefas de limpeza e desinfección na zona da reunión con carácter previo e posterior a mesma e as superficies de contacto máis frecuentes. No caso da utilización de micrófonos usar fundas desbotables para cada usuario.



MÁSCARAS

Indicar a todos os asistentes a obrigatoriedade do uso correcto da máscara en todo momento aínda que se poida garantir a distancia de seguridade interpersoal.



MEDIOS DIXITAIS

Evitar compartir material impreso (documentos, presupostos, contas, etc.) promovendo o envío da información a través de medios dixitais.



OBXECTOS

Evitar compartir equipos ou material de oficina e documentación. Se non é posible desinfectalos, lavar as mans inmediatamente despois de tocalos.

MEDIDAS ORGANIZATIVAS



SINALIZAR

Utilizar carteis coas prohibicións, obrigas e recomendacións preventivas de actuación ante o coronavirus.



PAUTAS DE ACTUACIÓN

Establecer pautas de actuación ante unha persoa con síntomas da COVID-19 para protexela a ela e ao resto do persoal.



PREVENCIÓN DO ESTRÉS

Establecer pautas de actuación ante posibles situacións de conflitos durante a reunión.



TRABALLADORES

O persoal traballador deberá estar informado sobre os procedementos a seguir tanto respecto a si mesmos como respecto aos usuarios.

INSTITUTO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL DE GALICIA (ISSGA)

A Coruña
981 182 329
issga.coruna@xunta.gal

Lugo
982 294 300
issga.lugo@xunta.gal

Ourense
988 386 395
issga.ourense@xunta.gal

Pontevedra
886 218 101
issga.pontevedra@xunta.gal

Santiago
881 999 332
issga@xunta.gal